

## DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE TRANSPARENCIA, RÉXIME INTERNO E FACENDA ADOPTADO NA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO DÍA 5 DE NOVEMBRO DE 2024.

**ASUNTO:** APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN  
PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA O EXERCICIO DE 2025.  
(EXPTES.- 2024070707- 2024051200 - 2024069258).

O Presidente da Comisión comenta os detalles máis significativos do orzamento xeral da Deputación para o exercicio 2025, por importe global de 214.569,901,00 euros, que inclúe o orzamento da Deputación, por importe de 209.876.08,00 €, o orzamento da Fundación da Escola Universitaria de Enfermería, por importe de 658.022,00 €, o orzamento do Consorcio Provincial contra incendios, por importe 5.374.700,00 € e o orzamento do Consorcio do Deza – Tabeirós 1.257.436,00 €. Con respecto ao tema de persoal comenta como novidade a creación do grupo “B” e informa que en xeral, os cambios que se introduciron no cadro de persoal e relacións de postos de traballo de persoal funcionario e laboral fixo foron obxecto de negociación con sindicatos e están baseados en necesidades demandadas polos centros xestores que conlevan a creación de novas prazas, a maior parte con cargo a amortización doutras que se atopan vacantes así como algunha outra modificación de carácter singular e excepcional en determinados postos de traballo.

A continuación somete a debate a proposta de acordo que figura na memoria da Presidencia asinada con data 30 de outubro de 2024, cuxo contido é o seguinte:

### MEMORIA DA PRESIDENCIA

*En cumprimento do disposto no artigo 168-1.a) do texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, aprobado por R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, e o artigo 18-1-a) do R.D. 500/1990, de 20 de abril, e co obxecto de explicar o contido e as principais modificacións do orzamento para o exercicio de 2025 en relación có de 2024, elabórase a presente memoria.*

### **Introdución**

*O orzamento xeral consolidado para o próximo exercicio ten un marcado carácter expansivo, xa que experimenta un crecemento dun 11,09 por cento, comparado co orzamento inicial de 2024, na que non se consideraron, por descoñecemento, o incremento de ingresos do Estado para o exercicio de 2024. O presuposto da Deputación experimenta un crecemento do 10,88%.*



*Para a súa elaboración non podemos contar coa información que, en anos anteriores, ofrecíanos o proxecto de Lei de Presupostos Xerais do Estado; así consideramos que os ingresos para o próximo exercicio que recibiremos do Estado serán os que estamos a recibir no actual exercicio mais un 2,5 por cento (o detalle figura no análise comparativa cos do exercicio anterior). Así mesmo, as retribucións dos empregados descoñecemos o incremento que terán, recolléndose unicamente o incremento do 0,5 por cento previsto para o exercicio de 2024, que se aboará se ao finalizar o exercicio acadase o nivel de PIB estipulado, previo recoñecemento legal por parte do Estado e un 1,5% que estimamos para o exercicio de 2025.*

*De tódolos xeitos si os ingresos foran superiores tramitaríanse os oportunos expedientes de modificación e si diminúen, como xa se establece na Disposición Transitoria 1º das bases de execución deste orzamento, declararanse coma non dispoñibles, polo mesmo importe da redución dos ingresos, os créditos das aplicacións que se estimen reducibles sen afectar o normal funcionamento dos servizos, decisión que se poderá tomar mediante resolución presidencial, previo informe do responsable do centro xestor afectado e da intervención.*

*En relación cos aspectos cuantitativos o orzamento xeral da Deputación para o exercicio de 2025 está integrado polos orzamentos:*

- Da Deputación	209.876.081 €
- Da Fundación da Escola Universitaria de Enfermería	658.022 €
- Do Consorcio provincial C. Incendios	5.374.700 €
- Consorcio Deza – Tabeirós	1.257.436 €
- O Consolidado	214.569.901 €

*En relación cos ingresos do orzamento de Deputación podemos destacar:*

- O incremento dos ingresos totais por importe de 20.592.652 € (10,88%),
- O incremento dos recursos correntes por importe de 19.405.052 € (10,31%)
- Aforro neto é de 55.833.628 €, mellora en 3.723.639 € (7,15%), como consecuencia do incremento dos ingresos correntes (19.405.052 €).

*En relación cos gastos do orzamento de **Deputación** podemos destacar:*

- O incremento dos créditos para gastos totais por importe de 20.592.652 € (10,88%)
- Incremento do gasto corrente en 13.519.771 € (9,94%)
- Os investimentos (cap. VI e VII) aumentan 4.911.239 € (9,27%)

*En relación co endebedamento podemos destacar:*



- Para o financiamento do orzamento non se prevé concertar ningunha operación de endebedamento.
- O endebedamento inicial é de 21.616.415 €.
- O endebedamento final será de 19.454.773 €.
- A carga absoluta e relativa (xuros + amortización/dereitos correntes) prevista será de 1,11%.

En relación coa solvencia **consolidada** da Deputación podemos destacar:

- O aforro bruto acada a cifra de 58.039.570€, mellora en 5.899.021 € en relación co do ano anterior (11,31%), como consecuencia do aumento dos ingresos correntes.
- O aforro neto acada a cifra de 55.877.928 €, mellora en 3.737.379 € e representa o 9,36% dos recursos correntes.
- A débeda viva o inicio do exercicio será de 21.616.415 €, amortízanse 2.168.415 €, quedando ao final do exercicio unha débeda de 19.447.773€.
- A débeda viva sobre os recursos correntes será ó final do exercicio do 9,16 por cento.

**Finalidades ás que se destinan os créditos orzamento consolidado da Deputación.**

Este orzamento recolle os compromisos de gasto adquiridos no exercicio de 2025 e anteriores pendentes de execución. Así mesmo, o orzamento dota os créditos necesarios para atender aos seguintes programas de gasto:

PROGRAMA	DENOMINACIÓN	2024.	2025.	DIFERENZA	% VARIACIÓN
0110	DÉBEDA PÚBLICA	65.002 €	2.867.406 €	2.802.404 €	4311,26%
	<b>AREA DE GASTO 0 "DÉBEDA PÚBLICA"</b>	<b>65.002 €</b>	<b>2.867.406 €</b>	<b>2.802.404 €</b>	<b>4311,26%</b>
1360	SERVIZOS DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS	5.405.826 €	6.872.849 €	1.467.023 €	27,14%
	POLÍTICA DE GASTO 13 "SEGURIDADE E MOVILIDADE CIUDADAN"	5.405.826 €	6.872.849 €	1.467.023 €	27,14%
1516	PROMOCIÓN DE SOLO	336.184 €	254.184 €	-82.000 €	-24,39%
	POLÍTICA DE GASTO 15 "VIVENDA E URBANISMO" (IPESPO)	336.184 €	254.184 €	-82.000 €	-24,39%
1621	RECOLLIDA DE LIXO	11.000 €	11.000 €	0 €	0,00%
1623	RECOLLIDA E TRATAMENTO DE RESIDUOS (PROGRAMA COMPOSTAXE)	1.234.706 €	1.373.760 €	139.054 €	11,26%
1650	ALUMEADO PUBLICO	210.370 €	210.370 €	0 €	0,00%
	POLÍTICA DE GASTO 16 "BENESTAR COMUNITARIO"	1.456.076 €	1.595.130 €	139.054 €	9,55%
1700	MEDIO AMBIENTE	94.086 €	94.086 €	0 €	0,00%
1705	ADMON. MEDIO AMBIENTE - RECOLLIDA DE ANIMALES	731.500 €	1.220.146 €	488.646 €	66,80%
1708	ADMON. MEDIO AMBIENTE - BIODIVERSIDADE EN HÁBITATS COSTEIROIS	188.848 €	77.266 €	-111.582 €	-59,09%
1720	PROTECCIÓN E MELLORA DO MEDIO AMBIENTE	103.000 €	138.000 €	35.000 €	33,98%
	POLÍTICA DE GASTO 17 "MEDIO AMBIENTE"	1.117.434 €	1.529.498 €	412.064 €	36,88%
	<b>AREA DE GASTO 1 (SERVICIOS PÚBLICOS BÁSICOS)...</b>	<b>8.315.520 €</b>	<b>10.251.661 €</b>	<b>1.936.141 €</b>	<b>23,28%</b>



2110	PENSIÓNS	202 €	202 €	0 €	0,00%
	POLÍTICA DE GASTO 21 "PENSIÓNS"	202 €	202 €	0 €	0,00%
2210	OUTRAS PRESTACIÓNS ECONÓMICAS A FAVOR DOS EMPREGADOS	744.700 €	751.700 €	7.000 €	0,94%
	POLÍTICA DE GASTO 22 "OUTRAS PRESTACIÓNS ECONÓMICAS A FAVOR DOS EMPREGADOS"	744.700 €	751.700 €	7.000 €	0,94%
2310	ASISTENCIA SOCIAL : XUVENTUDE E RETO DEMOGRÁFICO	654.184 €	743.943 €	89.759 €	13,72%
2311	ASISTENCIA SOCIAL PRIMARIA -ACCIÓN SOCIAL	1.796.851 €	2.102.102 €	305.251 €	16,99%
2312	ASISTENCIA SOCIAL PRIMARIA -PROMOCIÓN SOCIAL	13.102.292 €	13.843.104 €	740.812 €	5,65%
2313	ASISTENCIA SOCIAL PRIMARIA -A PERSONAS DEPENDIENTES	4.568.098 €	4.525.439 €	-42.659 €	-0,93%
2315	ASISTENCIA SOCIAL - IGUALDADE	1.658.848 €	1.689.490 €	30.642 €	1,85%
2317	ASISTENCIA SOCIAL - LOITA CONTRA BRECHA DIXITAL E A SOIDADE	21.624 €	6.802 €	-14.822 €	-68,54%
	POLÍTICA DE GASTO 23 "SERVICIOS SOCIALES E PROMOCIÓN SOCIAL"	21.801.897 €	22.910.880 €	1.108.983 €	5,09%
2410	FOMENTO DE EMPLEO	2.212.433 €	2.472.822 €	260.389 €	11,77%
2411	FOMENTO DE EMPLEO - DEPOEMPRENDE	96.351 €	36.000 €	-60.351 €	-62,64%
2412	FOMENTO DE EMPLEO - PROXECTOS UE. E MOZOS	100.000 €	100.000 €	0 €	0,00%
2425	FOMENTO DE EMPLEO - PROXECTO PRACTICUM_DEPO_24-26	0 €	89.124 €	89.124 €	100,00%
2428	FOMENTO DE EMPLEO - PROXECTO PRACTICUM_DEPO_22-24	79.686 €	0 €	-79.686 €	-100,00%
2429	FOMENTO DE EMPLEO - PROXECTO PRACTICUM_DEPO_23-25	138.216 €	138.216 €	0 €	0,00%
	POLÍTICA DE GASTO 24 "FOMENTO DE EMPREGO"	2.626.686 €	2.836.162 €	209.476 €	7,97%
	<b>AREA DE GASTO 2ª ACTUACIONES DE PROTECCIÓN Y PROMOCIÓN SOCIAL</b>	<b>25.173.485 €</b>	<b>26.498.944 €</b>	<b>1.325.459 €</b>	<b>5,27%</b>
3260	SERVICIOS COMPLEMENTARIOS DE EDUCACIÓN	611.001 €	686.001 €	75.000 €	12,27%
3261	SERVICIOS COMPLEMENTARIOS DE EDUCACIÓN - F. ESCOLA DE ENFERMERÍA	630.617 €	658.022 €	27.405 €	4,35%
	POLÍTICA DE GASTO 32 "EDUCACIÓN"	1.241.618 €	1.344.023 €	102.405 €	8,25%
3300	ADMINISTRACIÓN XERAL DA CULTURA	527.442 €	526.571 €	0 €	100,00%
3321	BIBLIOTECAS PÚBLICAS	22.000 €	17.000 €	-5.000 €	-22,73%
3322	ARQUIVOS.	2.021.068 €	2.005.384 €	-15.684 €	-0,78%
3330	EQUIPAMENTOS CULTURALES E MUSEOS	9.745.298 €	6.733.307 €	-3.011.991 €	-30,91%
3340	PROMOCIÓN CULTURAL	5.297.895 €	6.169.167 €	871.272 €	16,45%
3341	PROMOCIÓN CULTURAL: BIENAL DE ARTE	100.000 €	1.100.000 €	1.000.000 €	1000,00%
3360	PROTECC. E XESTIÓN DO PATRIMONIO H. ARTÍSTICO	1.070.698 €	969.003 €	-101.695 €	-9,50%
3361	PROTECC. E XESTIÓN DO P. H. ARTÍSTICO - XACEMENTOS	131.010 €	481.008 €	349.998 €	267,15%
3362	PROTECC. E XESTIÓN DO P. H. ARTÍSTICO - CASTRODEZA	208.799 €	185.002 €	-23.797 €	-11,40%
3363	PROTECC. E XESTIÓN DO PATRIMONIO H. ARTÍSTIC	477.155 €	383.112 €	-94.043 €	-19,71%
3370	INSTALACIÓNS DE OCUPACIÓN DO TEMPO LIBRE (C. LANZADA)	504.557 €	541.823 €	37.266 €	7,39%
	POLÍTICA DE GASTO 33 "CULTURA"	20.105.922 €	19.111.377 €	-994.545 €	-4,95%
3400	ADMINISTRACIÓN XERAL DO DEPORTE	849.066 €	844.073 €	-4.993 €	-0,59%
3410	PROMOCIÓN E FOMENTO DO DEPORTE	4.608.102 €	5.463.602 €	855.500 €	18,57%
3420	INSTALACIONES DEPORTIVAS	2.646.500 €	5.412.156 €	2.765.656 €	104,50%
	POLÍTICA DE GASTO 34 "DEPORTE"	8.103.668 €	11.719.831 €	3.616.163 €	44,62%
	<b>AREA DE GASTO 3ª PRODUCC. DE BENS PÚBLICOS DE CARÁCTER PREFERENTE</b>	<b>29.451.208 €</b>	<b>32.175.231 €</b>	<b>2.724.023 €</b>	<b>9,25%</b>
4100	ADMN. XERAL DE AGRICULTURA, GANDERÍA E PESCA	2.417.336 €	2.356.878 €	-60.458 €	-2,50%
4120	MELLORA DAS ESTRUCTURAS AGROPECUARIAS E DOS SIST. PRODUCTIVOS	1.504.033 €	1.612.482 €	108.449 €	7,21%
4123	INVESTIGACIÓN FITOPATOLÓXICA	2.914.785 €	3.254.162 €	339.377 €	11,64%
4125	INVESTIGACIÓN FITOPATOLÓXICA: VITICULTURA	16.022 €	0 €	-16.022 €	-100,00%
4126	INVESTIGACIÓN FITOPATOLÓXICA: INNOVACIÓN KIWIS	0 €	10.500 €	10.500 €	100,00%
4140	DESENEROLO RURAL	14.000 €	0 €	-14.000 €	-100,00%
4150	PROTECCION E DESENEROLO DOS RECURSOS PÉSQUEIROS	250.000 €	350.000 €	100.000 €	40,00%
4190	OUTRAS ACTUACIÓNS EN AGRICULTURA, GANDERÍA E PESCA	422.000 €	459.000 €	37.000 €	8,77%



4194	VALORACIÓN DOS RECURSOS MARIÑOS_INNOVACIÓN	0 €	62.261 €	62.261 €	100,00%
4195	SOSTIBILIDADE AMBIENTAL + RIAS, OUTRAS ACTUACIÓNS	0 €	54.606 €	54.606 €	100,00%
	POLÍTICA DE GASTO 41 "AGRICULTURA, GANDERÍA E PESCA"	7.538.176 €	8.159.889 €	621.713 €	8,25%
4200	ADMINISTRACIÓN XERAL DA INDUSTRIA E ENERXIA	5.500 €	5.500 €	0 €	0,00%
4251	FOMENTO COMUNIDADES ENERXÉTICAS	147.881 €	147.881 €	0 €	0,00%
	POLÍTICA DE GASTO 42 "INDUSTRIA E ENERXÍA"	153.381 €	153.381 €	0 €	0,00%
4315	C. TURISMO Y PEMES - "DA TÚA MAN RURAL I"	20.000 €	40.000 €	20.000 €	100,00%
4316	C. TURISMO Y PEMES - "DA TÚA MAN RURAL II"	20.000 €	20.000 €	0 €	0,00%
4320	INFORMACIÓN E PROMOCIÓN TURÍSTICA	3.147.036 €	3.773.821 €	626.785 €	19,92%
4321	INFORMACIÓN E PROMOCIÓN TURÍSTICA-TURISMO ACCESIBLE2	224.002 €	262.104 €	38.102 €	17,01%
4324	TURISMO NOS CAMIÑOS_DEZA	173.670 €	0 €	-173.670 €	-100,00%
4325	TURISMO, TERRA ENTRE RIOS	143.220 €	0 €	-143.220 €	-100,00%
4330	DESENROLO EMPRESARIAL (VIVEIROS)	465.250 €	328.620 €	-136.630 €	-29,37%
4331	DESENROLO EMPRESARIAL (CENTRO DE APOIO EMPRESARIAL)	24.240 €	15.580 €	-8.660 €	-35,73%
	POLÍTICA DE GASTO 43 "COMERCIO, TURISMO E PEQUENAS E M. EMPRESAS"	4.217.418 €	4.440.125 €	222.707 €	5,28%
4500	ADMINISTRACIÓN XERAL DE INFRAESTRUCTURAS	1.680.632 €	1.144.296 €	-536.336 €	-31,91%
4530	CARRETERAS	16.484.781 €	24.372.003 €	7.887.222 €	47,85%
4590	OUTRAS INFRAESTRUTURAS	2.050.002 €	2.550.002 €	500.000 €	24,39%
	POLÍTICA DE GASTO 45 "INFRAESTRUCTURAS"	20.215.415 €	28.066.301 €	7.850.886 €	38,84%
4630	INVESTIGACIÓN CIENTÍFICA, TÉCNICA E APLICADA	5.000 €	5.000 €	0 €	0,00%
	POLÍTICA DE GASTO 46 "INVESTIGACIÓN, DESENROLO E INNOVACIÓN"	5.000 €	5.000 €	0 €	0,00%
	<b>AREA DE GASTO 4ª ACTUACIÓNS DE CARÁCTER ECONÓMICO</b>	<b>32.129.390 €</b>	<b>40.824.696 €</b>	<b>8.695.306 €</b>	<b>27,06%</b>
9120	ORGANOS DE GOBERNO	3.157.559 €	3.464.565 €	307.006 €	9,72%
	POLÍTICA DE GASTO 91 "ÓRGANOS DE GOBERNO"	3.157.559 €	3.464.565 €	307.006 €	9,72%
9200	ADMINISTRACIÓN XERAL	11.750.497 €	12.036.401 €	285.904 €	2,43%
9220	COORD. E ORGANIZACIÓN INSTITUCIONAL DAS ENT. LOCALES	110.000 €	110.000 €	0 €	0,00%
9225	COORDINACIÓN E ASISTENCIA INTERMUNICIPAL	908.704 €	940.735 €	32.031 €	3,52%
9230	INFORMACIÓN BÁSICA E ESTADÍSTICA	1 €	1.000 €	999 €	99900,00%
9240	PARTICIPACIÓN CIDADÁN	1.300.217 €	1.288.122 €	-12.095 €	-0,93%
9260	COMUNICACIÓNS INTERNAS (TIC)	6.367.171 €	7.593.199 €	1.226.028 €	19,26%
9290	IMPREVISTOS, SITUACIÓNS TRANSITORIAS E CONTINXENCIAS	1.003.000 €	1.003.000 €	0 €	0,00%
	POLÍTICA DE GASTO 92 "SERVIZOS DE CARÁCTER XERAL"	21.439.590 €	22.972.457 €	1.532.867 €	7,15%
9310	POLÍTICA ECONÓMICA E FISCAL	2.186.326 €	2.309.237 €	122.912 €	5,62%
9320	XESTIÓN DO SISTEMA TRIBUTARIO	10.791.351 €	11.660.046 €	868.695 €	8,05%
9321	XESTIÓN DO SISTEMA TRIBUTARIO, PADRÓNS E CENSOS	0 €	1.200.000 €	1.200.000 €	100,00%
9330	XESTIÓN DO PATRIMONIO	513.850 €	373.850 €	-140.000 €	-27,25%
9340	XESTIÓN DA DÉBIDA E DA TESOURERÍA	450.640 €	434.957 €	-15.683 €	-3,48%
	POLÍTICA DE GASTO 93 "ADMINISTRACIÓN FINANCEIRA E TRIBUTARIA"	13.942.167 €	15.978.090 €	2.035.924 €	14,60%
942	TRANSF. A ENTIDADES LOCALES TERRITORIALES /PLAN COOPERACIÓN CONCELLOS: 2025	59.123.638 €	58.859.442 €	-264.196 €	-0,45%
9431	COOPERACIÓN TRANSFRONTERIZA	245.001 €	331.551 €	86.550 €	35,33%
9432	COOPERACIÓN: PROX. VISIT 2024	0 €	202.210 €	202.210 €	100,00%
9434	COOPERACIÓN: AXENDA LOCAL 2030	114.502 €	143.647 €	29.145 €	25,45%
	POLÍTICA DE GASTO 94 "TRANSFERENCIAS A OUTRAS ADMON. PÚBLICAS"	59.483.141 €	59.536.850 €	53.709 €	0,09%
	<b>AREA DE GASTO 9ª ACTUACIÓNS DE CARÁCTER XERAL</b>	<b>98.022.457 €</b>	<b>101.951.963 €</b>	<b>3.929.506 €</b>	<b>4,01%</b>
	<b>TOTAL ORZAMENTO CONSOLIDADO (DEPUTACIÓN + F. E. ENFERMERÍA+ CONSORCIO PROVINCIAL + CONSORCIO DEZA-TABEIROS)...</b>	<b>193.157.062 €</b>	<b>214.569.901 €</b>	<b>21.412.839 €</b>	<b>11,09%</b>

Con este orzamento trátase de:



- *Manter coa calidade adecuada, durante o exercicio de 2025, os distintos servizos e actividades que presta e realiza na actualidade a Deputación. Así mesmo, tamén se dota crédito para facer fronte ao gasto de novos servizos e actividades que se pretenden acometer no próximo exercicio.*
- *Asistir económica e tecnicamente aos concellos por un importe total de 67.949.877 €, incrementase en 1.948.155 €, dos cales 29.250.722€ son para axudas de natureza corrente e 38.699.155 € son para axudas de natureza de capital (investimento).*
- *Axudas aos demais axentes sociais e económicos da provincia (19.626.098€) mediante subvencións e axudas correntes e de capital.*

### **Consideracións cuantitativas xerais en materia de gastos**

En materia de gastos o orzamento **consolidado** da Deputación podemos destacar:

- *Os créditos para gastos do capítulo I (gastos de persoal) acadan a cifra de 60.256.263 €, experimentando un incremento de 3.321.122 € (5,83%). Este crecemento débese basicamente ao incremento do 0,5% previsto no presuposto de 2024 e ao 1,5% de previsión de incremento para o exercicio de 2025 e a outras pequenas variacións nos cadros e relación de postos de traballo que se explican no informe da xefa do Servicio de RRHH e Formación.*
- *Os créditos para gastos do capítulo II (gastos en bens e servizos correntes) acadan a cifra de 50.028.222 €, experimentando un incremento de 8.008.075€ (19,06%), como consecuencia do incremento de gastos para o mantemento de estradas (+4 millóns).*
- *Os créditos para gastos do capítulo III (gastos financeiros) acadan a cifra de 788.865€ (dos cales 150.103€ son dos xuros da débeda e o resto xuros de demora), polo que experimentan un incremento de 638.762 € (425,55%).*
- *Os créditos para gastos do capítulo IV (transferencias correntes) acadan a cifra de 42.143.481€, incrementáanse en 2.358.259€ (5,93%), como consecuencia de incrementar en as axudas para gasto corrente dos concellos e outras entidades alleas.*
- *Os créditos para gastos do capítulo V (Fondo de continxencia) acadan a cifra de 1.003.000 €, é unha esixencia da LOEPSF para facer fronte a gastos imprevistos e imprevisibles, e non experimenta ningunha variación.*
- *Os créditos para gastos do capítulo VI (investimentos reais) acadan a cifra de 15.067.872€, experimentan un crecemento de 1.969.523€ (15,04%), para maior detalle ver plan de investimentos.*
- *Os créditos para gastos do capítulo VII (transferencias de capital) acadan a cifra de 42.841.156€, incrementa en 2.948.456€ (7,39%), para maior detalle ver plan de investimentos.*
- *Os créditos para gastos do capítulo VIII (variación de activos financeiros) non experimentan variación significativa.*
- *Os créditos para gastos do capítulo IX (variación de pasivos financeiros) acadan a cifra de 2.161.642 aumentando en 2.161.642€ (100%), como consecuencia da finalización dos tres anos de carencia dos dous préstamos contratados en 2021.*

### **Consideracións cuantitativas xerais en materia de ingresos**



En materia de ingresos do orzamento xeral **consolidado** da Deputación podemos destacar:

- Capítulo I (Impostos directos), estímase para este capítulo uns dereitos a liquidar de 18.579.516€, experimentando un crecemento de 2.087.282€ (12,66%), xa que se espera recadar mais de acordo co que estamos recibindo actualmente.
- Capítulo II (Impostos indirectos), estímase para este capítulo uns dereitos a liquidar de 14.082.457€, o que representa unha diminución de 568.567€ (-3,88%), en base ao que estamos recibindo actualmente do IVE e Impostos especiais.
- Capítulo III (Taxas e outros ingresos), estímase, por este capítulo, uns dereitos a liquidar de 15.395.054€ polo que experimenta un incremento de 518.026€ (3,48%), como consecuencia duns maiores ingresos esperados de taxas, prezos públicos e outros conceptos.
- Capítulo IV (Transferencias correntes), estímase neste capítulo uns ingresos de 160.607.720€, experimentando un aumento de 17.209.250€ (12%), como consecuencia do incremento de 2024 que non se puxo no orzamento inicial, o incremento dun 2,5% para 2025 da PTE, do Fondo Complementario e do financiamento de fondos europeos, etc.
- Capítulo V (Ingresos patrimoniais), estímase neste capítulo uns dereitos a liquidar de 3.594.654€, é dicir, que experimenta un aumento de 979.248€ (37,44%), debido a unha maior recadación que estamos a recibir en relación coa prevista no orzamento de 2024 dos xuros que pagan os bancos polos excedentes de tesourería.
- Capítulo VI (alleamento de investimentos reais), estímase para este capítulo uns dereitos a liquidar de 850.500 €, non experimenta variación.
- Capítulo VII (Transferencias de capital), espéranse uns ingresos de 1.200.000€, en función de convenios cos concellos e de axudas de fondos europeos xa concedidas.
- Capítulo IX (Variacións de pasivos financeiros), as previsións non varían ao non preverse ningunha operación de crédito igual co ano anterior, como consecuencia de non ser necesario o financiamento do orzamento con endebedamento, dándose así cumprimento o principio de estabilidade orzamentario e de déficit cero.

### **Evolución do endebedamento**

A débeda neta **consolidada** da Deputación, en termos absolutos, diminuirá en 2.161.642€.

A carga financeira da deputación (xuros e amortización) experimentará un crecemento de 2.161.642€ como consecuencia do inicio da amortización dos préstamos concertados en 2021. En termos relativos pasa do 0,13 ao 1,42 por cento dos recursos correntes e a débeda viva en relación cos recursos correntes pasa do 11,26% ao 9,36%.

O endebedamento previsto para o exercicio de 2025 presenta a seguinte estrutura:

- Débeda inicial consolidada 21.616.415 €



○	<i>Crecedemento débeda Deputación</i>	0,00 €
○	<i>Amortización débeda consolidada</i>	2.161.642 €
▪	<b><i>Total débeda final</i></b>	<b>19.454.773 €</b>

## PROPOSTA DE ACORDO

*Por todo o exposto e co obxecto de poder atender ás diversas obrigacións da competencia provincial, e dado que este se elaborou con observancia das prescricións legais e regulamentarias, hónrome en lle propoñer ó Pleno a aprobación do orzamento xeral da Deputación Provincial para o exercicio de 2025 está integrado por:*

- *O orzamento da Deputación, por importe de 209.876.081 €.*
- *O orzamento da Fundación da Escola Universitaria de Enfermería, por importe de 658.022 €*
- *O orzamento do Consorcio P. contra incendios, por importe 5.374.700 €.*
- *O orzamento do Consorcio do Deza – Tabeirós 1.257.436 €.*
- *Orzamento Xeral Consolidado, por importe de:*
  - *En ingresos* 214.569.901 €
  - *En gastos* 214.569.901 €
- *Das bases de execución do orzamento xeral da Deputación, e as específicas da Fundación da Escola U. de Enfermería e a dos Consorcios.*
- *Dos cadros de funcionarios, as relacións de postos de traballo e os cadros do persoal laboral e eventual da Deputación, da Fundación E. U. E. e dos Consorcios.*
- *Do Anexo de investimentos para o exercicio 2025.*
- *Do plan (marco) orzamentario a medio prazo 2024-2026.*

*Remata a memoria da Presidencia indicando que no acordo de aprobación inicial haberá de recollese, para cada un dos orzamentos indicados, o resumo por capítulos dos seus estados de ingresos e gastos.*

Este resumo por capítulos é o seguinte:

## ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN

### ESTADO DE GASTOS

#### OPERACIÓNS CORRENTES





Capítulo 1.- Gastos de Persoal.....	53.994.314,00 €
Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos...	49.053.413,00 €
Capítulo 3.- Gastos financeiros.....	788.765,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes.....	44.733.819,00 €
Capítulo 5.- Fondo de continxencia e outros imprevistos.	1.000.000,00 €
<i>Total Operacións correntes.....</i>	<i>149.570.311,00 €</i>
OPERACIÓN DE CAPITAL	
Capítulo 6.- Invetimentos reais.....	15.029.572,00 €
Capítulo 7.- Transferencias de capital.....	42.842.156,00 €
Capítulo 8.- Activos financeiros.....	272.400,00 €
Capítulo 9.- Pasivos financeiros.....	2.161.642,00 €
<i>Total Operacións de Capital.....</i>	<i>60.305.770,00 €</i>
<b>TOTAL ORZAMENTO.....</b>	<b>209.876.081,00 €</b>

### ESTADO DE INGRESOS

OPERACIÓN CORRENTES	
Capítulo 1.- Impostos directos.....	18.579.516,00 €
Capítulo 2.- Impostos indirectos.....	14.082.457,00 €
Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos	12.766.154,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes.....	158.542.902,00 €
Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais.....	3.594.552,00 €
<i>Total Operacións correntes.....</i>	<i>207.565.581,00 €</i>
OPERACIÓN DE CAPITAL	
Capítulo 6.- Alleamento de invetimentos reais.....	850.500,00 €
Capítulo 7.- Transferencias de capital .....	1.200.000,00 €
Capítulo 8.- Activos financeiros.....	260.000,00 €
<i>Total Operacións de Capital.....</i>	<i>2.310.500,00 €</i>
<b>TOTAL ORZAMENTO.....</b>	<b>209.876.081,00 €</b>

### ORZAMENTO DA FUNDACIÓN ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMERÍA

#### ESTADO DE GASTOS

OPERACIÓN CORRENTES	
Capítulo 1.- Gastos de Persoal.....	595.522,00 €
Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos.....	61.400,00 €
Capítulo 3.- Gastos financeiros.....	100,00 €
<i>Total Operacións correntes.....</i>	<i>657.022,00 €</i>
OPERACIÓN DE CAPITAL	
Capítulo 6.- Invetimentos reais.....	1.000,00 €
<i>Total Operacións de Capital.....</i>	<i>1.000,00 €</i>
<b>TOTAL ORZAMENTO.....</b>	<b>658.022,00 €</b>



### ESTADO DE INGRESOS

OPERACIÓN CORRENTES	
Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos	125.000,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes.....	532.020,00 €
Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais.....	2,00 €
<i>Total Operacións correntes.....</i>	<i>657.022,00 €</i>
OPERACIÓN DE CAPITAL	
Capítulo 7.- Transferencias de capital.....	1.000,00 €
<i>Total Operacións de Capital.....</i>	<i>1.000,00 €</i>
<b>TOTAL ORZAMENTO.....</b>	<b>658.022,00 €</b>

### ORZAMENTO DO CONSORCIO PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRAINCENDIOS E SALVAMENTO.

#### ESTADO DE GASTOS

OPERACIÓN CORRENTES	
Capítulo 1.- Gastos de Persoal.....	4.601.800,00 €
Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos...	721.100,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes.....	5.000,00 €
Capítulo 5.- Fondo de continxencia e outros imprevistos	3.000,00 €
<i>Total Operacións correntes.....</i>	<i>5.330.900,00 €</i>
OPERACIÓN DE CAPITAL	
Capítulo 6.- Inversións reais.....	36.800,00 €
Capítulo 8.- Activos financeiros.....	7.000,00 €
<i>Total Operacións de Capital.....</i>	<i>43.800,00 €</i>
<b>TOTAL ORZAMENTO.....</b>	<b>5.374.700,00 €</b>

### ESTADO DE INGRESOS

OPERACIÓN CORRENTES	
Capítulo 3.-Taxas, prezos públicos e outros ingresos	2.234.600,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes.....	3.140.000,00 €
Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais.....	100,00 €
<i>Total Operacións correntes.....</i>	<i>5.374.700,00 €</i>
<b>TOTAL ORZAMENTO.....</b>	<b>5.374.700,00 €</b>

### ORZAMENTO DO CONSORCIO PARA O SERVIZO CONTRAINCENDIOS E SALVAMENTO DAS COMARCAS DE DEZA E TABELÓS-TERRA DE MONTES.



## ESTADO DE GASTOS

OPERACIÓNS CORRENTES	
Capítulo 1.- Gastos de Persoal.....	1.064.627,22 €
Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos.....	192.308,78 €
<i>Total Operacións correntes.....</i>	<i>1.256.936,00 €</i>
OPERACIÓNS DE CAPITAL	
Capítulo 6.- Inversións reais.....	500,00 €
<i>Total Operacións de Capital.....</i>	<i>500,00 €</i>
<b>TOTAL ORZAMENTO.....</b>	<b>1.257.436,00 €</b>

## ESTADO DE INGRESOS

OPERACIÓNS CORRENTES	
Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos	269.300,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes.....	988.136,00 €
<i>Total Operacións correntes.....</i>	<i>1.257.436,00 €</i>
<b>TOTAL ORZAMENTO.....</b>	<b>1.257.436,00 €</b>

## ORZAMENTO CONSOLIDADO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

### ESTADO DE GASTOS

OPERACIÓNS CORRENTES	
Capítulo 1.- Gastos de Persoal.....	60.256.263,22 €
Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos.....	50.028.221,78 €
Capítulo 3.- Gastos financeiros.....	788.865,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes.....	42.143.481,00 €
Capítulo 5.- Fondo de continxencia e outros imprevistos	1.003.000,00 €
<i>Total Operacións correntes.....</i>	<i>154.219.831,00 €</i>
OPERACIÓNS DE CAPITAL	
Capítulo 6.- Inversións reais.....	15.067.872,00 €
Capítulo 7.- Transferencias de capital.....	42.841.156,00 €
Capítulo 8.- Activos financeiros.....	279.400,00 €
Capítulo 9.- Pasivos financeiros.....	2.161.642,00 €
<i>Total Operacións de Capital.....</i>	<i>60.350.070,00 €</i>
<b>TOTAL ORZAMENTO.....</b>	<b>214.569.901,00 €</b>



## ESTADO DE INGRESOS

OPERACIÓN CORRIENTES	
Capítulo 1.- Impostos directos.....	18.579.516,00 €
Capítulo 2.- Impostos indirectos.....	14.082.457,00 €
Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos	15.395.054,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes.....	160.607.720,00 €
Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais.....	3.594.654,00 €
<i>Total Operacións correntes.....</i>	<i>212.259.401,00 €</i>
OPERACIÓN DE CAPITAL	
Capítulo 6.- Alleamento de investimentos reais.....	850.500,00 €
Capítulo 7.- Transferencias de capital .....	1.200.000,00 €
Capítulo 8.- Activos financeiros.....	260.000,00 €
<i>Total Operacións de Capital.....</i>	<i>2.310.500,00 €</i>
<b>TOTAL ORZAMENTO.....</b>	<b>214.569.901,00 €</b>

Unha vez debatido o asunto e segundo o establecido nos artigos 32 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 52 do Regulamento orgánico da Deputación de Pontevedra e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese a votación a proposta de acordo que figura na memoria da Presidencia de data 30 de outubro de 2024, obtendo o seguinte resultado:

- 1. Votos a favor: (9)**, do grupo provincial do Partido Popular.
- 2. Votos en contra: (0)**, ningún.
- 3. Abstencións: (8)**, sendo seis (6) do grupo provincial do PSG-PSOE, e dous (2) do grupo provincial do BNG..

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda ditamina favorablemente a proposta de acordo que figura na memoria da Presidencia do expediente relativo á aprobación inicial do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio de 2025, cos votos a favor das Deputadas e Deputados do grupo provincial do Partido Popular e coa abstención das Deputadas e Deputados dos grupos provinciais do PSG-PSOE e do BNG.

O Secretario da Comisión  
Asdo.: José Antonio Gulías Varela.  
(Documento asinado electrónicamente á marxe)

